



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA OBRA

Obra: Mellora de camiño en Fontao (Vedra)

Expediente: 2024/C003/000001

Plan Marco de Mellora da camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024/2025

Órgano de contratación: Alcaldía

Procedemento de contratación: aberto simplificado con criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, redáctase a presente memoria.

Fundamento xurídico

O artigo 26.1ª) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime Local establece que “os concellos deben prestar, en todo caso, os seguintes servizos: en todosacceso aos núcleos de poboación”

Obxecto do contrato e necesidades a satisfacer

O presente contrato de obras ten como obxecto a realización das obras incluídas no proxecto “Mellora de camiño en Fontao (Vedra), redactado pola arquitecta técnica dona Clara Lema Rodríguez, cuxo orzamento de execución ascende á cantidade de 67.723,12 euros, aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 103/24,, de data 21 de febreiro

Cualificación do contrato

Trátase dun contrato de obras de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro

CPV do contrato: 45233200 (traballos diversos de pavimentación)

Valor estimado do contrato: 55.969,52 euros

Orzamento base de licitación do contrato e aplicación orzamentaria

55.969,52 euros + 11.753,60 euros de IVE. Total: 67.723,12 euros

Aplicación orzamentaria:

Xustificación do procedemento elixido:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra

Dadas as características da contratación e co obxecto de garantir que a contratación se axusta aos principios de liberdade de acceso aos licitadores, publicidade e transparencia dos procedementos e a non discriminación e igualdade de trato entre os diferentes candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, considérase máis idóneo o procedemento aberto simplificado, con criterios avaliábeis de forma automática (mediante fórmulas)

Financiamento do investimento::

As obras financiaranse do seguinte xeito:

Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024/2025 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícolas de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR 2014.2020): 55.969,52 euros, distribuídos en dúas anualidades:

Anualidade 2024: 27.267,23 €

Anualidade 2025: 28.702,29 €

Recurso propios: 11.753,60 €

División en lotes.

En base ao disposto no artigo 99.3 da LCSP 2017, a non división en lotes queda xustificada polos seguintes motivos válidos:

*Dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico

*Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Órgano de contratación: De acordo coa Disposición Adicional Segunda da LCSP, o órgano de contratación é a Alcaldía ao non superar ou seu valor estimado o 10% dos recursos ordinarios do orzamento

Prazo de execución das obras: O establecido no proxecto

Vedra, 01 de xullo de 2024

O Alcalde accidental (Asinado dixitalmente)